


## Palmyre Ros, unha filla de exiliados, pioneira en Galicia da prensa clandestina de mulleres baixo o franquismo

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética  
Universidade de Santiago de Compostela

Cando a profesora bretoa Palmyre Ros, filla de exiliados e moza militante das Xuventudes Comunistas de España en Francia, promoveu en Vigo, durante a ditadura do Xeneral Franco, a primeira revista clandestina de mulleres da historia de Galicia, non podía imaxinar que, máis de medio século despois, volvería vela impresa en edición facsímile. E tampouco podía imaxinar, cando foi detida e encarcerada pola policía franquista, que cincuenta e catro anos máis tarde volvería a Vigo para recibir o recoñecemento e o agarimo que non sabía que merecía polo seu pioneiro labor cívico no movemento de liberación das mulleres e pola súa exemplar loita política e cultural antifascista. Ademais, pasadas máis de cinco décadas, aparentemente esquecida a revista secuestrada e aparentemente borrado o rastro do paso da súa directora por Galicia, teríalle parecido un milagre que alguén as encontrase e as honrase, a ela e a súa publicación prohibida, para recuperalas nun libro, nun premio e nunha serie de emotivos e concorridos actos públicos.



Pero nin na historia nin, por suposto, nesta historia existen os milagres. Existe a sororidade, neste caso encarnada pola ensaísta e profesora María Lopo, que descubriu a publicación e a muller que había tras ela; existe o compromiso político e social, nesta ocasión representado pola Fundación 10 de Marzo, que editou o libro e concedeu o premio; existe a memoria solidaria, recuperada por todos os colaboradores e participantes na obra e nos actos correspondentes; existe a investigación, iniciada polos historiadores Víctor Santidrián na súa *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, onde menciona a revista, e Francisco Xavier Redondo Abal, quen nos deu a primeira noticia da existencia de Palmyre Ros no seu libro *liberdade na Galiza. Galegos perante o Tribunal de Orde Pública (TOPGAL, 1964-1976)*.

En efecto, en 2017, Francisco Xavier Redondo Abal, bibliotecario na Universidade de Santiago de Compostela, anotou no seu listado de procesados polo TOP a existencia do *affaire* Palmyre Ros, facendo constar o nacemento de esta en Rennes; en 2018, interesada por este último dato, María Lopo, que viviu cinco anos en Rennes, en cuxa Universidade da Alta Bretaña deu clase, publicou varios libros e presentou unha tese doutoral en Literatura Francesa, buscou e encontrou, tras moitas tentativas, o contacto con Palmyre Ros a través do pintor e memorialista Mariano Otero, fillo do periodista e profesor alí exiliado Antonio Otero Seco; en 2019, os activos activistas Ricardo Gurriarán e Emilio Crespo, asumiron, en representación da Fundación 10 de Marzo, a elaboración e publicación dunha obra sobre Palmyre Ros e a súa revista, complementando a investigación de María Lopo con outros testemuños e documentos; e, finalmente, en 2020, a Fundación 10 de Marzo convidou a



Palmyre Ros e María Lopo en París coa revista *Alborada*

a Palmyre Ros a regresar a Galicia para presentar en Vigo o libro sobre ela o 6 do citado mes e para recibir ao día seguinte en Santiago de Compostela o Premio 10 de Marzo (como é sabido, data do asasinato en Ferrol dos traballadores Amador Rey e Daniel Niebla a mans da policía franquista durante as reivindicacións de 1972), que se concede anualmente a loitadores comprometidos cos dereitos laborais e coa defensa da democracia e da liberdade (e que o mesmo ano obtiveron tamén os esforzados sindicalistas Berta Trigo e Plácido Cal).



Mariano Otero, María Lopo, Gabrielle García e Claudio Rodríguez Fer nun acto dos fillos do exilio en Rennes

Trátase, pois, dunha longa cadea solidaria, como o é sempre a da resistencia na que estivemos, estamos e estaremos, á que tiven a honra de contribuír indirectamente dende que, sabendo que lle interesaría, paseille a María Lopo o libro sobre o TOP de Redondo Abal (bibliotecario con quen teño a sorte de traballar na Cátedra Valente de Poesía e Estética), e de beneficiarme directamente da amizade establecida en París e en Galicia cos admirables e encantadores Palmyre Ros e o seu marido Enrique Burgaleta, con quen tiven o pracer de revisitar o monumento aos exiliados españois mortos pola liberdade na Francia ocupada polos nazis que se encontra no cemiterio parisiense de Père-Lachaise, situado á beira da súa vivenda.



Palmyre Ros, María Lopo e Enrique Burgaleta no monumento aos españois mortos pola liberdade en París

Todos estes entusiastas esforzos produciron o libro titulado *Palmyre Ros e a revista Alborada* (Vigo, 1966), *Un proxecto pioneiro de prensa clandestina de mulleres*, cuxa edición coordinou e presentou o doutor en Historia e incansable publicista da memoria política, social e cultural de Galicia Ricardo Gurriarán, quen ademais se ocupou especificamente en dito volume do militante comunista Carlos Núñez, figura clave na trama resistente do Vigo antifranquista. Pola súa parte, o profesor e sindicalista Emilio Crespo, que foi secretario xeral da Federación de Ensinanza de Comisións Obreiras en Galicia, aportou as conversas telefónicas realizadas polos promotores do libro con Palmyre Ros e coa histórica mestra anifascista Antía Cal e a súa filla Antía Beiras, así como presentou e comentou interesantes documentos do sumario do TOP contra a moza activista francesa. Entre estes encóntrase moi significativamente o poema “El crimen fue en Granada”, escrito por Antonio Machado a propósito do asasinato de Lorca, nun papel mecanografado que lle foi requisado á detida pola policía franquista (“siempre ávida de cultura”, como tan ironicamente diría Valente).

A propia Palmyre Ros deu o seu propio testemuño no texto titulado “Resistir”, que moi lucidamente termina citando á resistente Lucie Aubrac, recordando que o verbo resistir sempre se debe conxugar en presente. Así foi conxugada aquí, precisamente, a memoria de Hixinio Beiras Cal, fillo do matrimonio esquerdista e galeguista que apoiou a Palmyre Ros en Vigo; a de Véronique Calvez, actual directora da Alianza Francesa de Vigo, centro onde deu clase a profesora rennesa ata a súa detención, e a de José María Mella, antigo alumno da docente detida e actual catedrático emérito da Universidade Autónoma de Madrid, pois entre os tres aportan outras tantas perspectivas necesarias e complementarias.



Emilio Crespo, Amelia Pérez, Magis, Palmyre Ros, Ricardo Gurriarán, Enríque Burgaleta e Honorio Cardoso no antigo cárcere de Vigo

A peripecia viguesa de Palmyre Ros e a análise da citada revista *Alborada* foron tratados por María Lopo, acaso predestinada a ocuparse delas pola súa quintupla condición de natural de Vigo, de antiga estudante da mesma Alianza Francesa na que sucederon os máis decisivos feitos desta historia, de galicista permanentemente vinculada ao Rennes natal da profesora bretoa, de recoñecida investigadora do exilio antifranquista e de cidadá sempre comprometida coa memoria e a vindicación dos dereitos das mulleres. Así, tras dar noticia do nacemento en Rennes de Palmyre Ros, no seo dun matrimonio de exiliados españois durante a ocupación nazi de Francia, a investigadora galega remóntase ás orixes proletarias e laicas de aquel, socialistas por parte de nai, republicanos e de formación libertaria por parte de pai, Germinal Ros, quen foi militante comunista antes, durante e despois do seu exilio.

Tras isto, explícase que, seguindo a política comunista de infiltración na sociedade española durante o franquismo, Palmyre Ros traballase, entre 1963 e 1966, como profesora na Alianza Francesa de Vigo, a onde levou libros prohibidos e ideas alí entón novidasas sobre a liberación da muller que divulgaba entre a mocidade estudante. É neste contexto

no que concibiu a revista de mulleres que recibiu o esperanzador título de *Alborada*, da que conseguiu editar dous números en 1966, aínda que o segundo xa non puido ser distribuído, ao resultar a súa directora detida pola policía franquista, non por casualidade durante unha sesión cinematográfica na mesma Alianza Francesa. Tras ser encarcerada, conseguiu a liberdade condicional pola súa nacionalidade estranxeira, o que lle permitiu ser exfiltrada a Francia. En consecuencia, foi declarada en rebeldía pola suposta xustiza española e sentenciada en 1967 a un ano de prisión menor e dez mil pesetas de multa, debendo asumir ademais custas procesuais, acusada xunto a outros camaradas de propaganda ilegal.

María Lopo deu conta do historial investigador que permitiu finalmente realizar esta edición facsímile dos dous números de *Alborada*, particularmente importantes por trátase da primeira revista de mulleres feita en Galicia, cuxo contido analizou detalladamente, así como as posibles continuacións coa mesma cabeceira. Trátase, pois, dun fito na prensa clandestina antifranquista galega e na historia do movemento de liberación feminina que merece tanta atención como recoñecemento, máis alá incluso da cuestión feminina, pois os temas abarcados pola revista se estenden a outros asuntos de interese formativo o informativo na época, como foron as aproximacións realizadas á arte denunciadora de Goya, á figura do galeguista exiliado Castelao ou ao aperturismo ideolóxico do Concilio Vaticano II.

En *Alborada* poden lerse, a propósito das mulleres e con firmas encubertas que acaso inclúen os simbólicos nomes para as mulleres galegas da poeta Rosalía (de Castro) e da ensaísta Concepción (Arenal), artigos sobre as orixes da desigualdade segundo os teóricos do socialismo Bebel e Engels, os conceptos básicos do contradiscurso feminista (patriarcado, sexo e xénero, emancipación, independencia), as análises marxistas sobre poder sexual en relación ao matrimonio ou á prostitución, o feminismo de Stuart Mill citado da súa obra *La esclavitud femenina* prologada en castelán por Emilia Pardo Bazán, o caso da dirixente comunista Dolores Ibárruri como exemplo de superación persoal feminina, a reivindicación da igualdade salarial e laboral fronte á sobreexplotación das proletarias, a problemática específica das traballadoras galegas, a necesidade da incorporación das mulleres á universidade, o entón actual informe sobre muller e educación publicado pola UNESCO en 1965, a resistencia activa das mulleres galegas contra a construción do destrutivo embalse de Castrelo de Miño a partir de 1965 e un longo etc.

No mes de marzo de 2020, Palmyre Ros regresou a Galicia en medio dunha nova alborada memorialista que lle permitiu presentar o libro en Vigo xunto a Ramón Sarmiento, secretario xeral de Comisións Obreiras de Galicia; Amelia Pérez, secretaria comarcal do mesmo sindicato en dita cidade, e os citados María Lopo e Ricardo Gurriarán, así como recibir en Santiago de Compostela o Premio 10 de Marzo que concede a Fundación homónima que preside o histórico líder sindicalista Xan María Castro Paz (precisamente un dos detidos tras os asasinatos policiais de 1972). Todo isto propiciou, pois, momentos de emocionantes reencontros de Palmyre Ros con antigas amigas, como coa xa nonaxenaria Antía Cal e os seus fillos Antía e Hixinio Beiras, e por suposto con todos os solidarios coautores del libro. E tamén propiciou novos encontros con outros entusiastas participantes na homenaxe, dende o escritor e constante memorialista Xesús Alonso Montero, quen dedicou ao tema o artigo “Antifranquismo e feminismo” no diario *La Voz de Galicia* (14-3-2020), aos colaborativos profesores e sindicalistas Honorio Cardoso e Emilio Fernández Zunzunegui (Magis).



Ramón Sarmiento, María Lopo, Palmyre Ros, Amelia Pérez e Ricardo Gurriarán presentando o libro en Vigo



Ramón Sarmiento, Plácido Cal, Palmyre Ros, Berta Trigo e Xan María Castro Paz na entrega dos Premios 10 de Marzo en Santiago de Compostela

Palmyre Ros e a familia da que procede encarnan boa parte da máis comprometida historia do proletariado militante da España e da Europa do século XX, ao igual que o seu compañeiro de vida e de loitas Enrique Burgaleta, cuxa dramática e novelesca traxectoria familiar representa as desventuras e as contradicións do exilio español na Francia capitalista e na Alemaña socialista, algo do cal testemuñou anonimamente el mesmo no libro *L'exil comme patrie. Les réfugiés communistes espagnols en RDA (1950-1989)*, publicado en Rennes por Aurélie Denoyer en 2017. Mais tras décadas de combate contra a ditadura franquista, a parella Ros Burgaleta continúa colaborando en París co memorialismo antifascista de Les Amis des Combattants en Espagne Républicaine y da Association 24 août 1944, ademais de ocuparse activamente da solidariedade de defensa dos inmigrantes e solicitantes de asilo de hoxe a través do Mouvement contre le Racisme et pour l'Amitié entre les Peuples.

Dos dous, que padeceron as consecuencias dos peores desastres da historia de España e da humanidade, como tamén da súa valedora María Lopo, especialista rigorosa e á vez emocionante en recuperar a memoria do humanismo resistente contra a barbarie, cómpre dicir, parafraseando palabras musicadas polo cantautor brasileiro Vinícius de Moraes: se todo o mundo fose como eles, qué marabilla sería vivir.

\*\*\*

Para finalizar, reproduzo una inscrición poética que publiquei no meu libro *Ámote vermella* en recordo de todas as mulleres antifascistas que chegaron a pagar o seu compromiso coa morte, pero tamén das que padeceron cárcere, exilio ou censura, como foi o caso de Palmyre Ros e das pioneiras de *Alborada*:

Asasináronas,  
mais sempre estarán vivas en nós.

Encarceráronas,  
mais sempre estarán libres en nós.

Exiliáronas,  
mais sempre estarán dentro de nós.

Acaláronas,  
mais sempre falarán para nós.



Claudio Rodríguez Fer, Palmyre Ros e Enrique Burgaleta ante o monumento a Rosalía de Castro de Santiago de Compostela